

I CONCURSO DE REDACCIÓN LETRAS GALEGAS 2010 “A TRAVÉS DAS PALABRAS... UXÍO NOVONEYRA”

O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Narón, dependente da Concellería de Cultura, coa colaboración da Concellería de Novas Tecnoloxías, convoca o I Concurso de Redacción “Día das Letras Galegas 2010” con motivo da conmemoración deste día e do Día de Internet, o 17 de maio. Este ano o autor homenaxeado é Uxío Novoneyra.

OBXECTIVOS

1. Promover o emprego escrito da lingua galega entre a cidadanía.
2. Fomentar o emprego da lingua galega no ámbito das novas tecnoloxías .
3. Afondar na vida e obra de Uxío Novoneyra.

BASES

PRIMEIRA.- PARTICIPANTES

Poderá participar o alumnado de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria e as persoas maiores de 16 anos, sempre que presenten os seus traballos en galego e que estes non fosen publicados nin premiados noutros concursos. O Concello de Narón non se fai responsable do posible plaxio de redaccións realizadas por outros autores.

SEGUNDA.- TEMA E CONTIDO

As redaccións que se presenten deben recoller os seguintes aspectos:

- ✓ A importancia da celebración do Día das Letras Galegas para a cultura galega.
- ✓ A importancia de Uxío Novoneyra para a lingua e a cultura galegas.
- ✓ Aspectos máis relevantes da vida e obra de Uxío Novoneyra (por exemplo: que actos da súa vida repercutiron na súa importancia como figura clave da literatura e da cultura galegas, temática que trata nas súas obras, se a súa produción literaria foi rompedora na época na que escribiu, caracterización lingüística da súa obra...).

O que se pretende con este concurso é que transmitades a vosa percepción e opinión sobre este autor a través da súa vida e obra e non que plasmedes a súa biografía ou que fagades unha listaxe coas súas obras e de que trata cada unha.

Non poderá conter linguaxe ofensiva nin basta.

TERCEIRA.- FORMATO

As redaccións serán escritas en procesador de textos ou PDF.

CUARTA.- PRESENTACIÓN

O prazo de envío das redaccións comezará o 12 de abril e finalizará o 30 de abril de 2010 (ás 14:30 h.). Para presentar os traballos débese cubrir un formulario na web www.naron.es e achegar a redacción como arquivo adxunto.

As cartas serán colgadas na páxina web do concello www.naron.es . O traballo será individual.

QUINTA.- PREMIOS:

Establécense diferentes categorías:

Educación Primaria

1º ciclo	1º premio: 50€
	2º premio: 30€
2º ciclo	1º premio: 50€
	2º premio: 30€
3º ciclo	1º premio: 50€
	2º premio: 30€

Educación Secundaria Obrigatoria

1º ciclo	1º premio: 50€
	2º premio: 30€
2º ciclo	1º premio: 50€
	2º premio: 30€

Os premios nas categorías de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria serán recibidos en forma de vale que poderá ser trocado por material escolar ou material informático en diferentes establecementos do Concello de Narón.

Adultos (a partir dos 16 anos, sempre e cando non estea a cursar a ESO)

1º premio: 100€
2º premio: 75€
3º premio: 50€

O nome dos gañadores publicárase na páxina web do concello o día xoves 10 de maio.

A entrega dos premios realizarase o día 14 de maio ás 12:00h, na Casa do Concello, en acto oficial, e emitírase nos medios de comunicación.

SEXTA.- XURADO.

O xurado estará composto polo Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Narón ou persoa delegada por el, a 1ª tenente de alcalde ou persoa delegada por ela e a técnica do Servizo de Normalización Lingüística.

O fallo do xurado será inapelable. O xurado poderá declarar desertos todos ou algún dos premios previstos, se a calidade dos traballos non fose considerada aceptable. Valorárase a orixinalidade, a creatividade e a calidade lingüística.

A participación neste concurso supón a aceptación plena das presentes bases.

Para máis información sobre as bases do concurso podedes chamar ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Narón. Teléfono 981337700 ext 1516 ou ben 607223794 (Adela).

Se queredes consultar calquera dúbida de tipo lingüístico podedes botar man do Servizo de Normalización Lingüística.